



INFORMACIÓN ESTUDANTES

No contexto do problema de saúde pública no que nos atopamos, a responsabilidade individual de cara á prevención de contaxios é imprescindible para a autoprotección e a protección da comunidade educativa na que convivimos.

Coa finalidade de contribuír a mellorar a túa información como estudante deste Centro, detállanse algúns dos comportamentos e recomendacións que pola súa frecuencia e transcendencia debes incorporar no desenvolvemento habitual no contorno educativo.

- Recorda que se tes síntomas, non debes asistir a clase.
- Se durante a estancia no Centro, tes febre ou outros síntomas, informa diso a Directora do Centro ou ao profesor/a máis próximo. Nese suposto, e en espera de instrucións sanitarias, deberás permanecer na sala COVID no andar 1º.
- Ao entrar no Centro, usa o xel hidroalcohólico e segue as sinalizacións, respecta sempre as marcas de distancia existentes nos diferentes servizos do centro (biblioteca, conserxería, administración, reprografía, cafetería...).
- É obrigatorio o uso de máscara durante todo o tempo que esteas no Centro, e realiza frecuentemente o lavado de mans ou usa o xel hidroalcohólico.
- Mantén a distancia interpersoal de 1,5 metros.
- Os pupitres disporán dunha etiqueta na que, o primeiro día, deberás poñer o teu nome e a titulación. Ocuparas sempre o mesmo posto na aula ao longo de todo o cuadrimestre. Esta medida facilitará o rastrexo dos contactos.
- Na aula disporás de desinfectante para limpar a túa mesa antes de usala. Os servizos de limpeza intensificaran a desinfección todo o que sexa posible, pero debemos recordar que é importante a colaboración de todas/os.
- Evita facer grupos nos corredores.
- Nas máquinas expendedoras deberás usar xel hidroalcohólico antes e despois de obter o produto.
- Aínda que son outras persoas as responsables de ventilar as aulas é importante que colabores nesta tarefa, ventilando sempre que sexa posible.
- Si convives con algún/ha compañeiro/a do mesmo curso ou utilizades o mesmo vehículo particular para o desprazamento, deberedes comunicalo a coordinadora do voso curso. Sempre que sexa posible terase en conta para o agrupamento de estudantes no desenvolvemento da docencia
- Deberás estar atento/a ao correo-e da Universidade, a Moodle, a Teams e á web do Centro. Podes descarga a aplicación do campus virtual da UDC no teu smartphone en <https://download.moodle.org/mobile?version=2020061500&lang=es&iosappid=6359593&androidappid=com.moodle.moodlemobile>

A saúde de todos nos depende das accións de cada un de nos